

PROGRAMA DE ACOLLIDA E ACOMPAÑAMENTO PARA OS ESTUDANTES DE NOVO INGRESO

A Facultade de Veterinaria inicia o seu programa de acollida mediante a celebración dunha [Sesión de Benvida](#) ao alumnado de 1º do Grao o primeiro día do curso, que se anuncia con antelación e se comunica por correo electrónico aos alumnos preinscritos.

A ela asisten o equipo decanal, a coordinadora do grao, a coordinadora do 1º semestre que xestiona os grupos de prácticas e resolve as dificultades nos primeiros días do curso, e os alumnos titores. A finalidade desta sesión é:

- Informar sobre distintos aspectos da titulación e do funcionamento da facultade mostrando o uso da páxina web como elemento de comunicación e información prioritario:
 - Plan de Estudos, incluídas as Prácticas Tuteladas e o TFG.
 - Horarios e calendario de exames.
 - Coordinadora do grao e coordinadores de semestre.
 - Alumnos titores e representantes de estudantes.
 - Programas de mobilidade.
 - Biblioteca e servizos á comunidade universitaria: deportes, idiomas, cultura.
 - UXA e os servizos administrativos do Campus de Lugo.
 - Vías de comunicación e información:
 - páxina web da Facultade, co formulario de queixas e suxestións,
 - consulta de pantallas informativas, taboleiros físicos e electrónico na web,
 - coordinadores de semestre, de materia, alumnos titores.

Ademais durante a primeira semana do curso realízanse [Visitas guiadas](#) co obxectivo de mostrar as infraestruturas das que dispón o Centro e o Campus para impartir a docencia e para facilitar o estudo os alumnos. Isto farase durante os días seguintes ao inicio do curso, mediante visitas guiadas á [Facultade](#), á [Granxa Campus Terra](#) e á [Biblioteca Intercentros](#).

Unha vez exposta toda esta información, [durante o curso](#) serán os responsables das distintas tarefas de seguimento / titorización os que desenvolvan o resto do programa de acompañamento ao alumnado:

1. Vicedecano de Ordenación Académica e Estudantes,
2. Coordinadores dos semestres, especialmente do 1º,
3. Coordinadores de cada materia en particular,
4. Alumnos titores.

Con carácter xeral e para [todos os alumnos](#) independentemente do curso no que se atopen, a **Oficina de Información Universitaria**, de forma presencial no edificio da Biblioteca Intercentros ou a través da súa páxina web <http://www.usc.es/oiu> asesora e informa de multitude de cuestións relativas á vida universitaria e os servizos ao alumnado.